

Ilmo. Abel Ramón Caballero Álvarez
Alcalde de Vigo

Pontevedra, 10 de outubro de 2023

Estimado alcalde,

Gustaríame aproveitar esta nova comunicación con vostede para reiterar o compromiso inequívoco do novo Goberno provincial coa reforma do estadio municipal de Balaídos, como así o levamos expresando en múltiples ocasións tanto a vicepresidenta primeira da Deputación, Marta Fernández-Tapias, coma eu mesmo. Celebro, ademais, que compartamos a intención de rematar a remodelación canto antes, pois entendo que facemos noso o desexo maioritario das e dos seareiros do R. C. Celta e de tantas e tantos vigueses que queren ver finalizado o estadio.

Malia todo, lamentamos comprobar que, mentres lle solicita con urxencia fondos á Deputación para a nova Grada de Gol e unha reunión para concretar o alcance destes, aínda non dispoñemos de máis documentación que un resumo orzamentario dun folio de extensión. Ao tratarse dunha iniciativa de tal envergadura, comprenderá que, con carácter previo a un futuro encontro, a Deputación de Pontevedra precisa coñecer con todo detalle o proxecto completo para poder analízalo e avaliar co debido rigor o seu encaixe nos orzamentos provinciais de 2024.

Por esa razón, quedamos á espera da recepción do mencionado proxecto da Grada de Gol para, unha vez estudado, fixar en datas vindeiras un encontro con vostede que concrete os termos de colaboración nesta e noutras iniciativas.

Reciba un afectuoso saúdo.

O presidente,

